

CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS 2011

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os Campionatos de España Universitarios réxense polo regulamento xeral e respectivos regulamentos específicos que emite o Consejo Superior de Deportes. Para participar nestes campionatos, teñen que cumprirse os requisitos esixidos nas distintas regulamentacións ó respecto que a continuación se expoñen.

- **REGULAMENTO XERAL:** Poden participar nos Campionatos de España Universitarios, os estudantes matriculados no curso 2010-2011, que acrediten ser estudantes de primeiro, segundo ou tercer ciclo ou calquera dos tres ciclos: grao, master e doctoramento dos títulos que teñan carácter oficial e validez en todo o territorio nacional a os que se refire o artigo 37 da Ley Orgánica 6/2001 de 21 de decembro de universidades, pertencentes a calquera universidade recoñecida no Comité Español del Deporte Universitario (C.E.D.U.)
- **REGULAMENTOS ESPECÍFICOS:** Os participantes deben cumprir-los requisitos esixidos polos regulamentos de cada deporte.
- **CRITERIOS DO SERVIZO DE DEPORTES DA USC:** Ademais, os aspirantes a participar nestes campionatos deben cumprir-los criterios establecidos pola USC para ser seleccionados e representar a esta Universidade nos Campionatos de España Universitarios 2011.

ORIENTACIÓN

Para participar neste Campionato Universitario representando á USC, de forma individual ou por equipos, e necesario:

- Comunicalo como mínimo 30 días de antelación a data límite da inscrición do campionato, a través dun correo electrónico a: (deporesec@usc.es).

VALORARANSE:

- As competicións previas, Campionatos da USC, Campionatos Galegos Universitarios, (estudaranse individualmente os casos onde non poidan participar).
- Resultados na Liga Galega de Deporte de Orientación 2011 (tempos invertidos en Relación aos percorridos realizados).
- Participación nas actividades de adestramento e formación propostas desde a USC e/ou as escolas deportivas dos respectivos clubs.
- Participación e resultados na Liga Española e Campionato de España 2011.
- Todo o reflexado no regulamento xeral, para a participación neste campionato.

O Servizo de Deportes da USC poderá tomar a decisión de non inscribir no Campionato de España Universitario a aqueles deportistas que, aínda que o soliciten, se estime que non posúen as condicións mínimas para representar á USC.

O Servizo de Deportes resérvase o dereito de modificar estas normas se as circunstancias o requiren.